



CONCELLO DE CARBALLO
PRAZA DO CONCELLO S/N
15100 - CARBALLO
CORUÑA (A)

Expediente nº: IF204A/AC/2020/2139

Asunto: **Resolución de autorización na zona de dominio público e/ou nas zonas de protección da estrada AC-552**

Solicitante: CONCELLO DE CARBALLO

Obras, instalacións ou realización de actividades para as que se solicita a autorización:
MEJORAS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DEL CONCELLO DE CARBALLO
Concello: CARBALLO
Estrada: AC-552
PQ inicio: 30,502 PQ fin: 30,653
Referencia catastral:
Marxe, no sentido de avance da quilometraxe: Ambos

ANTECEDENTES

1. O 04/12/2020 recibíuse neste servizo a solicitude de CONCELLO DE CARBALLO, no que solicitaba a autorización para MEJORAS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DEL CONCELLO DE CARBALLO.
2. Con data do 20/01/2021 o equipo de vixilancia de explotación emitiu un informe de campo tras visita ao lugar da solicitude.
3. O 22/01/2021 o enxeñeiro facultativo deste servizo emitiu un informe sobre a solicitude presentada.

NORMATIVA APLICABLE

1. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (DOG 12/07/2013).
2. Decreto 66/2016, do 16 de maio polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia (DOG 20/06/2016).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE 02/10/2015).
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. (BOE 02/10/2015).





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. De acordo co artigo 47.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, a execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección está suxeita ao deber de obter a correspondente autorización previa.
2. O obxecto da solicitude presentada cumpre co sinalado na Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia e o seu regulamento, segundo o informe técnico do enxeñeiro facultativo de data 22/01/2021.
3. O artigo 13 do REG define os treitos urbanos de estradas.
4. O artigo 43.1 da LEG regula os usos autorizables na explanación da estrada e na dos seus elementos funcionais:
 - e) Excepcionalmente, conducións subterráneas lonxitudinais correspondentes a redes e infraestruturas de servizos públicos, cando se xustifique debidamente que polas condicións extremadamente dificultosas da orografía do terreo, ou pola súa condición urbana, non existe outra solución tecnicamente viable, ou se trate da reposición de conducións afectadas polas obras de estradas, e se sitúen, preferentemente, fóra da calzada e, cando sexa posible, tamén das súas beiravías.

De acordo co indicado, **RESOLVO:**

Autorizar a CONCELLO DE CARBALLO no que respecta á competencia sectorial en materia de estradas, a execución das obras de MEJORAS EN LA RED DE ABASTECIMIENTO DEL CONCELLO DE CARBALLO no P.Q 30,502 da estrada AC-552 no concello de CARBALLO.

Esta autorización axustarase ao disposto pola Lei de estradas de Galicia e a seu regulamento, ademais do cumprimento das seguintes **condicións:**

CONDICIÓNS PARTICULARES:

1. As obras que se autorizan consisten na **mellora da rede de abastecemento de agua, con afección á estrada AC-552 nos seguintes tramos:**
 - a. Rúa Vázquez Parga
 - p.q.: 30+510 / eliminación de 3 cruces existentes cunha tubaxe de PE, substituíndoos por un unico cruce en gabia de 20 m. de lonxitude, para a instalación dunha tubaxe de fundición de 150 mm.
 - p.p.qq.: 30+502-30+528, marxe esquerda / instalación dunha tubaxe de fundición de 150 mm., baixo a beirarrúa.
 - b. Rúa Doutor Severo Ochoa
 - p.q.: 30+653, marxe dereita / instalación dunha tubaxe de PE de 90 mm., perpendicularmente á estrada, con conexión á rede existente na beirarrúa, a 11,40 m. do eixe da estrada.





2. As obras deberán estar rematadas no **prazo dun (1) ano**, que se empezará a contar a partir do día seguinte da notificación da resolución. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar unha **prórroga** con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

A autorización considerárase caducada no caso de non executar ou non iniciar a actividade no prazo establecido.

3. Execución da gabia

- As gabias executaranse conforme o recollido no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes (PX-3).
- A gabia terá o ancho suficiente para ser compactada por medios mecánicos.
- A profundidade da cara ou aresta superior da condución ou elemento da correspondente rede, ou da súa protección se procede, respecto á rasante do pavimento da calzada, non será inferior, en ningún punto a 0,80 metros.
- Unha vez feita a escavación colocarase un xeotextil para envolver o recheo cunha lonxitude de solape de 20 cm.
- O recheo cumprirá o disposto no artigo 332.5.3 do PG-3, e enrasarase a 20 cm. por debaixo do nivel da explanada existente. Cerrarase o xeotextil quedando solapado 20 cm.
- Posteriormente, reencherase con zahorra ou macadam ata o nivel da explanada existente.
- A reposición realizarase segundo se especifica nos seguintes puntos.
- A apertura de gabia deberá realizarse en tramos de lonxitude tal que poidan ser pechados nun día de traballo en horario diúrno.

4. Reposición

- As gabias executaranse conforme o recollido no Prego de Prescricións Técnicas Xerais para obras de estradas e pontes (PX-3).
- Unha vez feita a escavación colocarase un xeotextil para envolver o recheo cunha lonxitude de solape de 20 cm.
- Reencherase con material que cumprirá o disposto no artigo 332.5.3 do PG-3, e enrasarase a 20 cm. por debaixo do nivel da explanada existente. Cerrarase o xeotextil quedando solapado 20 cm.
- Extremaranse as precaucións para que coas operacións de compactación e vertido de material de recheo non se rompa o xeotextil.
- Posteriormente, reencherase con zahorra ou macadam ata o nivel da explanada existente
- A apertura de gabia deberá realizarse en tramos de lonxitude tal que poidan ser pechados nun día de traballo en horario diúrno.





- A gabia terá o ancho suficiente para ser compactada por medios mecánicos, garantindo un mínimo na zona inferior de 1,50 metros.
 - As conducións contarán coa debida protección para soportar sen deformacións nin avarías as cargas transmitidas polo tránsito de vehículos. Esta protección situarase de xeito que a profundidade da súa parte superior non sexa inferior, en ningún punto, a 0,80 metros baixo a rasante do pavimento, e permitirá, ademais, a reparación ou substitución do treito da condución, sen afectar á plataforma da estrada.
 - Repoñerase a sinalización horizontal da estrada co mesmo deseño de marcas viarias cos que conta a estrada.
 - En calquera caso, o fresado e reposición estenderase un mínimo de 5 metros antes e despois do treito afectado.
 - A reposición executarase fresando e repoñendo a capa de rodadura da estrada en todo o ancho correspondente á zona afectada. O estendido da capa de rodadura realizarase con mestura bituminosa en quente cun espesor de 5 cm. Na zona da gabia estenderanse os 10 cm. en dúas tongadas.
 - Transcorridos en torno a dous meses se procederá, previo fresado de 5 cm. de aglomerado do ancho do carril e beiravía, e mais a retirada do formigón na zona da gabia se foi vertido, a extensión dun rego de imprimación ECI sobre a zahorra ou macadam, e aglomerarase en quente ata enrasar co pavimento existente.
 - Unha vez executado o recheo con zahorra ou macadam ata o nivel da explanada existente, repoñerase con mestura bituminosa en quente ata enrasar co pavimento actual. Para axilizar á súa posta en servizo poderase reencher en formigón HA-25 de forma que poderase adiantar ás 24 horas da súa extensión.
 - Prestarase especial coidado coas ramplas de acceso para vehículos, arquetas, pozos ou outros elementos de rexistro existentes na área afectada, de maneira que permanezan ó mesmo nivel do pavimento unha vez repostos, en perfecta unión có solo circundante, debéndose levar a cabo o correspondente recrido dos elementos que fose necesario. As ramplas de acceso non poderán invadir a calzada.
5. A reposición da beirarrúa farase coas mesmas características -en canto a sección e tipoloxía- que presenta na actualidade.
6. Non se poderán iniciar as obras ata que se realice a **acta de conformidade da súa implantación**, que se define na condición xeral 6.

Con carácter previo ao inicio das obras, e como requisito para poder realizar a devandita acta, a **empresa adxudicataria** deberá acreditar ante este servizo o xustificante de ter presentado unha **garantía** por un importe de **seis mil (6.000,00) euros** que responda dos potenciais danos ou perdas que se poidan provocar ao dominio público viario, conforme ao artigo 51 da LEG e 119 do REG. Esta garantía deberá depositarse na caixa xeral de depósitos da Axencia Tributaria de Galicia, a favor da Axencia Galega de Infraestruturas. A autorización carecerá de validez se non acredita perante este servizo provincial o xustificante de ter presentado o depósito da garantía.





7. Próximo ao remate das obras, o interesado comunicará a data prevista de terminación das obras para a realización da **acta de conformidade da súa finalización**.

CONDICIÓNS XERAIS:

1. A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias (en especial, a correspondente á Xefatura Provincial de Tráfico), sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán, en ningún caso, a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

A Administración titular da estrada poderá, en calquera momento, modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización cando a actuación produza danos no dominio público viario, por incumprimento das condicións da autorización, por poñer en risco a seguridade viaria ou cando alteren os supostos determinantes do seu outorgamento.

2. Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte que afecte á zona de dominio público.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obra que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3. Dado que as obras, instalacións ou actividades autorizadas implican a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público viario de titularidade autonómica, de conformidade co artigo 38 e seguintes da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos públicos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11/12/2003), xeran o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do título II da dita lei.

Dado que a taxa se xestiona por autoliquidación, **o seu importe deberá ser pagado no prazo dun mes a contar dende a notificación desta autorización**. Transcorrido o dito prazo de pagamento voluntario, iniciarase de oficio o procedemento de comprobación limitada dos artigos 136 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cos correspondentes xuros de mora, segundo o artigo 26 da dita lei.





No enderezo electrónico <http://www.atriga.gal/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/taxas-e-prezos> ten a información actualizada e o impreso que poderá descargar para realizar a autoliquidación en calquera banco ou caixa de aforros colaboradora na recadación. Realizado o pagamento, debera entregar ou remitir ao Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas nesta provincia o exemplar xustificativo para a Administración, nos dez días seguintes a realizar o dito ingreso.

Neste primeiro ano, a tarifa prorratease en función do tempo de gozo da autorización, computándose en meses enteiros e redondeando ao enteiro inmediatamente superior. Nos anos sucesivos, a tarifa deberá ingresarse integramente e actualízase segundo o coeficiente que estableza a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A taxa ten carácter permanente, mentres se mantéña a vixencia da autorización outorgada (dez anos prorrogables segundo o artigo 49.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño de estradas de Galicia), e nos anos posteriores devéngase o 1 de xaneiro de cada ano debendo realizar a autoliquidación nos vinte primeiros días do mes de xaneiro. Transcorrido o dito prazo, iníciase de oficio o procedemento de comprobación limitada dos artigos 136 a 140 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, cos correspondentes xuros de mora. Se a obra, instalación ou actividade autorizada implicase a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público das estradas de titularidade autonómica, xerará o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do título II da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11/12/2003), modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2011), modificada á súa vez pola Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

4. Se para a execución da obra ou uso desta fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización deste Servizo.
5. As obras executaranse conforme á documentación presentada para a obtención da autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.
6. Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste Servizo sexa coñecedor do Inicio das actuacións. O interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para o inicio. Facendo referencia ao nº de expediente da autorización, así como calquera incidencia que se produza durante a execución da obra terase a obriga de ser comunicada. (Nº FAX 981 184888)
7. As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste Servizo. As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.
8. A administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.
9. As obras efectuaranse sen interromper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.





10. No caso de que a execución das obras autorizadas impliquen alteración ou cortes de tráfico, deberase obter previamente a preceptiva autorización da Xefatura Provincial de Tráfico (ou do Concello) e deberá comunicalo a este Servizo antes do seu inicio, todo elo de acordo co artigo 37 do Regulamento xeral de Circulación (RD 1428/2013) que xunto co artigo 39, regulan a ordenación especial de tráfico por razóns de seguridade ou fluidez da circulación e a súa limitación.
11. Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas para que, en ningún caso, se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras ou por calquera outra causa.
12. Aparte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, durante a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita deste Servizo.
13. O persoal deste Servizo terá coñecemento da Terminación das obras, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para a dita operación. A comunicación será vía fax ao Servizo provincial aló menos con 48 horas de antelación do remate dos traballos autorizados, facendo referencia ao nº de expediente da autorización (Nº FAX 981 184 888)- autorizacions.cim.coruna@xunta.gal
14. O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, á súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, ó seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.
15. A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíble previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.

No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo da autorización será de dez anos, e poderán concederse, logo da solicitude da persoa interesada, ata dúas prórrogas por períodos de igual duración. Antes de que transcorra o prazo da autorización, incluídas as prórrogas, se é o caso, a persoa titular poderá solicitar unha nova autorización.
16. O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.
17. O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013 e dará lugar á tramitación do expediente coa sanción que proceda.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o director da Axencia Galega de Infraestruturas no prazo de un (1) mes, que se contará desde o





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE
SERVIZO PROVINCIAL DA AXI EN A CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2, 8ª
15071 A Coruña
Tfno.: 981 184 831
981 184 878
autorizacions.cim.coruna@xunta.gal



día seguinte ao da recepción da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notifícaselle esta resolución segundo o esixido no artigo 40.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, O xefe do servizo provincial Felipe De la Vega Gándaras (Sinatura dixital)

